

# Somos migrantes: abrimos camiños

(Culturas en diálogo)

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL



Exposición en itinerancia, integrada no proxecto de museoloxía social 'Culturas en diálogo', con actividades complementarias.

**Promove:** Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

Coa colaboración de Museo de la Inmigración de Bos Aires, Museo de las Migraciones (MUMI), de Montevideo e Asociación Rioplatenses de Lugo.

**Soportes:** Paneis con fotografías e textos explicativos. Adaptable ás condicións do espazo expositivo.

**Costes:** O préstamo é gratuíto. O transporte, montaxe e desmontaxe da mostra corre a cargo da Rede Museística.

**Obxectivo e condicións de préstamo:** O obxectivo desta mostra itinerante é provocar a reflexión sobre a situación de migrantes e refuxiados, memoria, identidade e problemáticas asociadas polo que a entidade solicitante debe comprometerse a divulgar e convocar a visitar esta mostra, así como a participar nas actividades complementarias que se programen, aos centros escolares, colectivos implicados e á sociedade en xeral.

**Charlas e obradoiros didácticos:** A Rede Museística ofrece charlas e obradoiros didácticos, que será impartidos por persoal especializado, co obxectivo de instruír e provocar a reflexión sobre os contidos da mostra.

**Plan específico para o ano 2020**

Durante o ano 2020 centraremos a itinerancia e as conseguíntes actividades complementaras nos concellos da Mariña lucense. A razón é que conmemoramos o 50º aniversario da creación do Museo Provincial do Mar e por ese motivos queremos conversar e intercambiar experiencias co tecido asociativo, cultural, social e escolar da comarca. Un diálogo que nos pode servir de punto de partida en proxectos posteriores para que o patrimonio sexa mellor coñecido e divulgado, tendo sempre presente un dobre obxectivo: son as persoas e as súas circunstancias as protagonistas e por un futuro sostible e solidario.

**Solicitude:** Xerencia da Rede Museística. Tfno.: 699 836 883  
/ xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

### **Estrutura da exposición**

Esta exposición consta de paneis con fotografías e textos explicativos que tratan o tema desde diferentes ópticas (históricas, sociais, afectivas...) e que se divide en tres partes:

- 1.-A partida. A viaxe.
- 2.-A chegada. Ingreso de inmigrantes no hotel. A vida no hotel.
- 3.-Accións e actividades desenvoltas pola Rede Museística ao longo do proxecto de museoloxía social 'Culturas en diálogo'.
- 4.-Eres de aquí ou dacolá? Reflexionemos!

### **O proxecto de museoloxía social 'Culturas en Diálogo'**

Vense desenvolvendo desde 2014 nos diferentes museos da Rede Museística da Deputación de Lugo coa colaboración de asociacións e persoas vencelladas a diferentes actividades artísticas e culturais de ambas beiras do Atlántico.

Concíbese como programa de museoloxía social que formula un traballo de arqueoloxía emocional, coa posta en valor e humanización dos seus testemuños, en clave intercultural, entre diferentes xeracións e institucións museísticas, fomentando a creación multidisciplinar e onde se destaca a participación social de todos os colectivos da comunidade.

O Museo, como institución permanente con responsabilidade social utiliza as coleccións que estuda, expón e difunde, como nexo de unión entre os pobos e ofrécese como canle de comunicación e mediador activo no lugar onde se instala.



Cultura



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO